# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

## Abril 2020

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2020

**Instituto Galego de Estatística**
**Complexo Administrativo San Lázaro s/n**
**15703 Santiago de Compostela (A Coruña)**
**Contacto: http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?**
**Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)**
**FAX: 981.54.13.23**
**Páxina Web : http://www.ige.eu**

# Índice de comercio polo miúdo (ICM). Abril 2020

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 23,4% en Galicia en abril de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España o descenso é dun 31,5%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación aumentan un 5,5% mentres que caen no Resto de produtos un 40,7%.
- As vendas minoristas diminúen en todas as comunidades autónomas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes diminúe un 25,4% en Galicia no mes de abril de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España o descenso é dun 33,2%.
- O índice xeral de ocupación diminúe o 0,9% en Galicia e o 2,0% no conxunto do Estado.
- A ocupación diminúe en todas as comunidades autónomas no mes de abril.

## Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Abril 2020

**Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes**




| | Índice | Variacións (%) | |
|---|---|---|---|
| | | Interanual | No que vai de ano |
| **Xeral** | 76,3 | -23,4 | -6,8 |
| **Xeral sen estacións de servizo** | 79,1 | -20,4 | -5,5 |
| **Alimentación** | 98,9 | 1,7 | 5,1 |
| **Resto** | 61,9 | -38,5 | -13,2 |

## 1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 23,4% en Galicia en abril de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España descende un 31,5%.

A declaración do estado de alarma a causa da covid-19 provocou que unha parte importante de empresas de comercio minorista permanecesen pechadas no mes de abril, o que leva ao descenso das vendas neste mes na maioría dos produtos.

O índice xeral sen estacións de servizo diminúe un 20,4% respecto a abril de 2019 en Galicia. Desagregando por produtos:

- A Alimentación aumenta as súas vendas un 1,7% en Galicia mentres que diminúe un 0,6% no conxunto de España.
- O Resto de produtos rexistra un descenso do 38,5% en Galicia e do 53,3% no conxunto do Estado.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do -22,1%.

O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




## 2. Índices por comunidades autónomas

As vendas diminúen en abril en todas as comunidades autónomas. Os maiores descensos danse en Canarias (-39,7%) e Illes Balears (-39,0%). As menores baixadas rexístranse en Galicia (-23,4%) e Castilla - La Mancha (-26,2%).

**Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Abril 2020**

**Taxas de variación en %**




## 3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes diminúe un 25,4% en Galicia no mes de abril de 2020, e un 33,2% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo diminúe un 20,7% en Galicia e un 29,2% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 5,5% mentres que no Resto de produtos redúcense un 40,7%. No conxunto do Estado, as vendas en Alimentación crecen o 2,9% e no Resto de produtos diminúen o 55,0%.

| Índices de comercio polo miúdo. Abril 2020 | | | |
|---|---|---|---|
| | Índice | Variacións (%) Interanual | Variacións (%) No que vai de ano |
| Xeral | 76,7 | -25,4 | -7,5 |
| Xeral sen estacións de servizo | 80,7 | -20,7 | -5,8 |
| Alimentación | 107,2 | 5,5 | 7,3 |
| Resto | 60,1 | -40,7 | -15,1 |

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes




## 4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación[1] amosa unha taxa de variación interanual do -0,9% no mes de abril en Galicia e do -2,0% no conxunto do Estado.

## 5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista diminúe en abril en todas as comunidades autónomas. Os maiores descensos rexístranse en Illes Balears (-6,3%) e Canarias (-3,4%). As menores baixadas amósanse en La Rioja (-0,3%), Cataluña (-0,7%) e Galicia (-0,9%).

[1] Nos datos de emprego hai que ter en conta que as persoas acollidas a un Expediente de regulación temporal de emprego (ERTE) seguen formando parte do persoal da empresa.

**Índice xeral de ocupación. Abril 2020**

**Taxas de variación en %**




## Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das ventas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento

- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.

- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC[2].

[2] Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

# Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Abril 2020

| | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) | | ÍNDICE DEFLACTADO | VARIACIÓNS (%) | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| **Galicia** | | | | | | |
| **Xeral** | 76,7 | -25,4 | -7,5 | 76,3 | -23,4 | -6,8 |
| Xeral sen estacións de servizo | 80,7 | -20,7 | -5,8 | 79,1 | -20,4 | -5,5 |
| Alimentación | 107,2 | 5,5 | 7,3 | 98,9 | 1,7 | 5,1 |
| Resto | 60,1 | -40,7 | -15,1 | 61,9 | -38,5 | -13,2 |
| **España** | | | | | | |
| **Xeral** | 70,4 | -33,2 | -10,6 | 69,8 | -31,5 | -10,1 |
| Xeral sen estacións de servizo | 73,8 | -29,2 | -9,0 | 72,3 | -28,9 | -8,6 |
| Alimentación | 110,7 | 2,9 | 5,6 | 102,1 | -0,6 | 3,2 |
| Resto | 45,7 | -55,0 | -20,2 | 47,1 | -53,3 | -18,1 |

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Abril 2020

| | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) | | ÍNDICE DEFLACTADO | VARIACIÓNS (%) | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| **Galicia** | | | | | | |
| **Xeral** | 81,4 | -25,5 | -7,8 | 82,6 | -22,1 | -6,7 |
| Xeral sen estacións de servizo | 86,1 | -20,8 | -6,1 | 85,9 | -19,4 | -5,3 |
| Alimentación | 110,3 | 5,0 | 6,7 | 101,4 | 0,8 | 4,4 |
| Resto | 65,8 | -40,6 | -15,5 | 68,2 | -38,5 | -13,8 |
| **España** | | | | | | |
| **Xeral** | 73,7 | -33,3 | -11,0 | 73,3 | -31,6 | -10,6 |
| Xeral sen estacións de servizo | 77,5 | -29,1 | -9,4 | 76,1 | -28,8 | -9,2 |
| Alimentación | 111,9 | 1,8 | 4,5 | 104,0 | -0,7 | 2,3 |
| Resto | 49,2 | -54,9 | -20,8 | 51,0 | -53,2 | -19,0 |

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

## Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Abril 2020

| | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) | | ÍNDICE DEFLACTADO | VARIACIÓNS (%) | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| **ESPAÑA** | **70,4** | **-33,2** | **-10,6** | **69,8** | **-31,5** | **-10,1** |
| Andalucía | 68,5 | -35,4 | -10,7 | 67,9 | -34,0 | -10,2 |
| Aragón | 67,9 | -35,2 | -12,2 | 68,0 | -33,1 | -11,3 |
| Asturias | 68,6 | -32,6 | -11,0 | 68,6 | -30,6 | -10,1 |
| Balears, Illes | 65,7 | -40,7 | -14,0 | 65,7 | -39,0 | -13,3 |
| Canarias | 64,0 | -40,0 | -14,2 | 62,5 | -39,7 | -14,6 |
| Cantabria | 67,7 | -31,4 | -9,2 | 66,9 | -29,7 | -8,6 |
| Castilla y León | 68,0 | -32,4 | -10,9 | 67,6 | -30,4 | -10,3 |
| Castilla-La Mancha | 75,9 | -28,5 | -8,2 | 75,4 | -26,2 | -7,6 |
| Cataluña | 66,9 | -34,9 | -12,1 | 65,6 | -33,1 | -11,5 |
| Comunitat Valenciana | 70,9 | -32,5 | -9,5 | 71,1 | -30,6 | -8,7 |
| Extremadura | 69,8 | -29,3 | -9,9 | 69,2 | -27,9 | -9,4 |
| **GALICIA** | **76,7** | **-25,4** | **-7,5** | **76,3** | **-23,4** | **-6,8** |
| Madrid | 76,9 | -31,2 | -9,5 | 76,3 | -29,3 | -8,8 |
| Murcia, Región de | 70,6 | -33,9 | -11,5 | 70,3 | -32,5 | -11,1 |
| Navarra | 73,8 | -31,2 | -11,5 | 73,3 | -29,1 | -10,9 |
| País Vasco | 73,0 | -28,8 | -8,9 | 71,9 | -27,2 | -8,5 |
| Rioja, La | 71,4 | -32,0 | -10,6 | 70,7 | -30,0 | -10,0 |
| Ceuta | 55,8 | -41,8 | -15,4 | 54,9 | -40,6 | -14,6 |
| Melilla | 50,4 | -49,7 | -17,4 | 49,8 | -49,1 | -16,9 |

Fonte: INE

## Cadro 4. Índices de ocupación. Abril 2020

| | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) | |
|---|---|---|---|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| **Galicia** | | | |
| Xeral | 101,8 | -0,9 | 0,3 |
| Xeral sen estacións de servizo | 101,5 | -0,9 | 0,2 |
| **España** | | | |
| Xeral | 101,5 | -2,0 | -0,2 |
| Xeral sen estacións de servizo | 101,5 | -2,0 | -0,3 |

Fonte: INE

**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Abril 2020**

| | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) | |
|---|---|---|---|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| **ESPAÑA** | **101,5** | **-2,0** | **-0,2** |
| Andalucía | 98,6 | -2,5 | -0,4 |
| Aragón | 101,4 | -1,2 | 0,2 |
| Asturias | 102,9 | -2,6 | -1,2 |
| Balears, Illes | 103,5 | -6,3 | -1,9 |
| Canarias | 104,4 | -3,4 | -1,0 |
| Cantabria | 98,8 | -2,1 | -0,8 |
| Castilla y León | 101,7 | -1,4 | -0,1 |
| Castilla-La Mancha | 98,6 | -2,4 | -0,6 |
| Cataluña | 101,5 | -0,7 | 0,1 |
| Comunitat Valenciana | 105,3 | -1,1 | 0,8 |
| Extremadura | 98,7 | -2,7 | -0,5 |
| **GALICIA** | **101,8** | **-0,9** | **0,3** |
| Madrid | 101,8 | -2,7 | -0,4 |
| Murcia | 101,5 | -2,7 | -0,5 |
| Navarra | 100,6 | -2,7 | -0,8 |
| País Vasco | 101,5 | -1,1 | -0,3 |
| Rioja, La | 103,5 | -0,3 | 0,8 |
| Ceuta | 98,9 | -2,3 | -0,4 |
| Melilla | 100,7 | -2,6 | -1,5 |

Fonte: INE